<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe (a aceptación do erro como oportunidade de mellora). - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais, e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.

Contidos

- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos, de uso común, na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: recoñecemento das características e do contexto (participantes e situación), organización e estrutura interna, segundo o xénero, a función textual, o destinatario e a finalidade.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.
- Léxico e expresións básicas de uso común relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa ¿(aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos.
- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.

UD	Título da UD	Duración
6	Adventure camp	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñece, interpreta e analiza o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos en tempo futuro.	PE	30
CA1.4 - Organizar e redactar textos breves e sinxelos, previamente preparados, con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, e usando estruturas e léxico básicos de uso común sobre asuntos cotiáns e frecuentes, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia.	Redacta textos breves e sinxelos previamente preparados con adecuación á situación comunicativa proposta, a través de ferramentas analóxicas e dixitais e usando estruturas e léxico básicos.		
CA1.3 - Expresar oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, xunto con estruturas básicas e de uso frecuente propias da lingua estranxeira.	Expresa oralmente textos breves e sinxelos, previamente preparados, sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais.	TI	70
CA1.5 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, coñecementos e estratexias para preparar e producir textos útiles adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando con axuda recursos físicos ou dixitais en función da tarefa e das necesidades de cada momento.	Selecciona, organiza e utiliza, de forma guiada, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas e iniciar e terminar a comunicación.		
CA1.6 - Planificar e participar en situacións interactivas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas e motivacións das e dos interlocutores.	Participa en situacións interactivas sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns a través de diversos soportes apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, con interese en facelo o mellor posible.		
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Selecciona e utiliza, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas moi sinxelas; iniciar e terminar a comunicación.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica estratexias básicas que lle faciliten a comprensión e a produción da información, apoiándose en recursos físicos visuais se o precisa.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Compara e contrasta as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.3 - Rexistrar e utilizar, de maneira guiada, os progresos e dificultades no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistra e aplica, de xeito guiado, as dificultades e progresos no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construindo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actúa con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Acepta e respecta a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe (a aceptación do erro como oportunidade de mellora). - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais, e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Léxico relativo á identificación persoal, relacións persoais próximas, lugares e contornos de interese para o alumnado, vida cotiá, lecer e tempo libre. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.

Contidos

- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, sexan presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar indicacións, aclaracións e explicacións adaptadas ao seu nivel, colaborar, comparar e contrastar.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa ¿(aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
7	Festivals	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer, interpretar e analizar o sentido global, así como palabras e frases específicas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais frecuentes e cotiás de relevancia persoal e ámbitos próximos á súa experiencia, adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñece e interpreta o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados coas festividades e celebracións en diferentes países do mundo.	PE	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar, organizar e aplicar, de forma guiada, estratexias e coñecementos adecuados en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos diversos.	Emprega, de forma guiada, estratexias para captar o sentido global e procesar información explícita en textos breves e sinxelos e situacións comunicativas cotiás.	TI	80
CA1.7 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma guiada, en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas; expresar mensaxes e iniciar e terminar a comunicación.	Selecciona, organiza e utiliza, de forma guiada, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; formular e contestar preguntas sinxelas e iniciar e terminar a comunicación.		
CA1.8 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións de comunicación nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas, e interese por participar na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna próxima, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Infire textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas de forma guiada en situacións de comunicación, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, adecuados ás intencións comunicativas, as características contextuais e a tipoloxía textual, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplica estratexias básicas que lle faciliten a comprensión e a produción da información, apoiándose en recursos físicos visuais se o precisa.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Compara e contrasta as similitudes e diferenzas entre distintas linguas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utiliza, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA2.3 - Rexistrar e utilizar, de maneira guiada, os progresos e dificultades no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo os aspectos que axudan a mellorar e realizando actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistra e aplica, de xeito guiado, as dificultades e progresos no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.1 - Actuar con aprecio e respecto en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, e mostrando rexeitamento ante calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.	Actúa con respecto en situacións interculturais, amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos básicos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Acepta e respecta a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.	Selecciona e aplica, de maneira guiada, estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición e afianzamento da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe (a aceptación do erro como oportunidade de mellora). - Estratexias básicas para a comprensión, a planificación e a produción de textos orais, e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas; dar indicacións e instrucións; expresar a pertenza e a cantidade. - Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, o espazo e as relacións espaciais; o tempo, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas elementais. - Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Propiedade intelectual das fontes consultadas e contidos utilizados; identificación e dereitos de autoría. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal, así como plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira. - Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico. - Estratexias básicas de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comparación elemental entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e doutras linguas: orixe e parentescos. - Comunicación e relación con persoas doutros países, a través da lingua estranxeira: acceso a nova información, culturas e modos de vida diferentes.

Contidos

- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e habituais relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais, convencións sociais básicas de uso común, linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital propias de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Patróns culturais básicos de uso frecuente transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Participación en intercambios comunicativos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía desenvolverase como indicamos a continuación:

- Vocabulario e gramática

O vocabulario está agrupado por campos semánticos relacionados co tema de cada unidade. Preséntanse cunha animación e a historia da unidade protagonizados polos personaxes do curso e posteriormente repásase e practícase nunha variedade de xogos dixitais, actividades de comprensión oral e de exercicios de comunicación moi motivadores.

Preséntanse tamén palabras relacionadas cos temas intercurriculares.

En cada unidade preséntanse e practícanse dúas estruturas clave: a primeira, a través da canción animada, e a segunda, coa historia da unidade.

Recurrirase a xogos, tanto en formato dixital coma orais, para repasar e afianzar o vocabulario e a gramática visto en cada unidade, que permitan afianzar as 4 destrezas comunicativas básicas (comprensión oral, comprensión escrita, expresión oral e expresión escrita).

A maiores, tamén se utilizarán outros contos que permitan reforzar e ampliar o vocabulario visto en cada unidade, xa que en anteriores cursos académicos comprobouse que permiten afianzar a atención e comprensión auditiva na lingua estranxeira, así como a produción oral, a través de actividades como representacións, cancións, diálogos e outras actividades de carácter oral relacionadas coa historia do conto.

- Destrezas

O traballo combínase para desenvolver as destrezas de forma conxunta. Os alumnos progresan dunha práctica de comprensión oral a unha práctica de expresión oral; da práctica de expresión oral a unha práctica de comprensión escrita e da práctica de comprensión escrita á práctica de expresión escrita.

- Cancións e rimas

Cada unidade presenta unha canción animada que proporciona un contexto para a primeira estrutura gramatical da unidade e práctica para o vocabulario presentado na lección. Máis adiante ofrécese unha canción de repaso na que se reciclan os dous grupos léxicos e as dúas estruturas estudadas. As rimas ofrecen un apoio para a práctica do vocabulario e a gramática, inclúen abundante repetición.

- Contidos culturais

Dende cada unidade, o alumnado faise partícipe da cultura anglosaxona ao ser partícipes das vidas dos personaxes. O vocabulario, a canción e as animacións da historia fan que os detalles e convencións do día a día británico cobren vida.

Hai en cada unidade un filme cultural, os alumnos son testemuñas da actividade diaria de nenos e nenas anglosaxóns reais nunha cidade real británica, estadounidense, australiana, canadense, etc. ou nos seus arredores. Estas leccións fan que os alumnos sexan conscientes de pertencer a unha comunidade global e invítanos a reflexionar sobre a cultura á que se están a achegar a través do idioma, así como a comparala coa propia, ao tempo que contribúen a desenvolver as competencias sociais e cívicas e a conciencia e expresións culturais.

Ademais, traballaranse unidades adicionais, dedicadas a festividades para afondar na aprendizaxe de contidos interculturais.

Empregaranse, a maiores, outros libros de consulta e vídeos que nos sirvan de guía para realizar pequenos proxectos afondando en diferentes temas relacionados coa cultura e o estilo de vida en diferentes países anglosaxóns. Estes proxectos permitirán poñer en práctica e mellorar a expresión oral a través de presentacións e murais.

- Valores e contidos cívicos

En cada unidade vaise tratar un valor a través dun vídeo cultural, e tamén coa linguaxe de uso común da lección, integrando aspectos socioculturais da aprendizaxe e potencia da autoestima, así como as actitudes positivas, a tolerancia e o respecto polos demais.

Propoñeranse actividades que teñan por obxecto espertar a conciencia do alumnado cara a unha actitude cívica apropiada (que identifiquen actitudes positivas, e outras menos desexables...).

- Historias

A través das historias, os discentes comparten as aventuras dos personaxes. Xogan un papel importante en relación ao desenvolvemento da linguaxe, dado que se revisa o vocabulario e as estruturas gramaticais clave.

A presentación da historia farase de forma dixital. Logo por medio das viñetas do libro, recordan a historia en maior detalle observando as viñetas e escoitando o audio.

- Temas intercurriculares

A través do inglés, presentaranse contidos pertencentes a outras áreas do currículo: ciencias sociais e naturais, plástica, música e matemáticas. O concepto intercurricular introdúcese cunha presentación mediante diapositivas e consolídase e practica posteriormente mediante actividades de comprensión e expresión oral, e a través de actividades de lectoescritura .

- Pronunciación

Os discentes familiarízanse coa pronunciación das letras, e tamén coa súa forma escrita. A continuación, a través de xogos -interactivos ou non-, escoitan e identifican tanto os sons coma as letras que os representan.

O alumnado lerá unha historia fonética por unidade. Son historias que poderán descodificar case por completo, xa que terán aprendido os patróns de sons e letras necesarios para lelas.

- Revisión

Realizarase unha revisión ao final de cada trimestre a través das historias de repaso. Recollen o vocabulario e a gramática das dúas unidades anteriores nunha historia.

Disporase ademais de fichas de reforzo e ampliación elaboradas segundo as necesidades dos alumnos.

Como complemento a todo isto, o alumnado terá diferentes recursos colgados na súa aula virtual, á que accederá a través da páxina web do centro, e onde estarán dispoñibles contidos relacionados con cada unidade temática en diversos formatos (vídeos con contos, cancións, explicacións, xogos interactivos, fichas de traballo para descargar e enviar ao profesorado cubertas e fichas interactivas) que permitan traballar, reforzar e ampliar tanto o vocabulario como a gramática e os contidos culturais ou transversais de cada unidade temática.

Esta aula virtual será, como nos derradeiros cursos, un recurso máis de aula, de xeito que os discentes estean xa familiarizados e familiarizadas con ela e o seu uso, para poder utilizala de xeito autónomo dende a casa en caso de ser necesario ou para que poidan reforzar estes contidos dende a casa.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Páxinas web de xogos online

2- Historias e contos
3- Xogos de mesa
4- Xogos físicos
5- Contos
6- Posters e murais
7- Ferramentas de elaboración de materiais dixitais
8- Encerado dixital interactivo
9 - Uso dos medios audiovisuais con que conte a escola
10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar
11- Vídeos
12- Rimas e cancións
13- Actividades DUA
14- Pack de libros de texto (Student's book e activity book)

Algúns exemplos dos materiais e recursos citados anteriormente:

1- Páxinas web de xogos online: British Council, Wordwall, Docentes decentes, Kahoot...

Tipos de xogos:

- Memory
- Drag it.
- Simon says
- Match it.
- Guess it.
- What's missing?

2- Historias e contos publicados na rede: principalmente na plataforma de vídeos Youtube.

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas: adiviñar a tarxeta, memory game, facer parellas...

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar: Snakes and ladders, Trivial, Scrabble, e similares creados pola docente e adaptados a cada unidade temática.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaíamos traballando ao longo do curso.

+ Ruleta e bingo.

4 - Xogos físicos: xogos de pelota, xogos de rol, xogos de localización e movemento no espazo...

5- Libros de lectura, principalmente contos: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e os posters de vocabulario que compramos ou das editoriais e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais, Genially, Canva, ferramentas que nos ofrece Google para a escola...

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir de aí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12- Rimas e cancións: permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica e resultan motivadoras para todos os niveis educativos.

13- Actividades DUA: actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

14- Libro e caderno de actividades: Go far! da Editorial Richmond.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso farase unha avaliación de diagnose no grupo de alumnado centrada en coñecer o nivel competencial do alumnado: pronunciación, escoita e comprensión oral, fluidez na expresión oral e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada neno e nena no curso escolar. Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

Revisados os informes individualizados do noso alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso; de especial interese é a información deste ampliada por parte do equipo docente do curso anterior.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas sesións das dúas primeiras semanas, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

- Alumnado do centro.
- Alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados.

Dita proba consistirá en:

- Xogos orais para comprobar os coñecementos previos sobre cada unidade temática e/ou contidos do curso anterior.
- Unha ficha escrita para comprobar os coñecementos da materia correspondentes ao curso anterior.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada). De ser posible e/ou necesario estas medidas acordaranse xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	15	15	10	100
Proba escrita	20	20	30	20	40	30	20	26
Táboa de indicadores	80	80	70	80	60	70	80	74

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por proba escrita e por proba oral, sendo o resto avaliados por diferentes tipos de táboas de indicadores, fundamentalmente escalas de valoración/rúbrica para corrección de traballos a entregar, por un lado, e rexistro de observación, polo outro.

A nota trimestral, no tocante ao que ás UD se refire, é a seguinte:

- 1º trim.
- UD 1 e 2: 80%
- Parte correspondente da UD 7: 20%
- 2º trim.
- UD 3 e 4: 80%
- Parte correspondente da UD 7: 20%
- 3º trim.
- UD 5 e 6: 80%
- Parte correspondente da UD 7: 20%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trim. 30%
- 2º trim. 30%
- 3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fose un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- Se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara á segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

- Comunicación á familia (e paralelamente á persoa docente titora) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin.
- Ademais, trasladarase esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.
- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: capacidade de indagación de información) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remata antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe. Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua, tanto de incorporación ao inicio como ao longo do curso:

solicitarase levar a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo, para o cal non se precisa necesariamente intervención do DO, e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X		X		X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres		X	X		X	X	
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos				X		X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible		X		X	X		
ET.9 - Educación para a saúde		X		X		X	

Observacións:

Os elementos transversais, aquí numerados, 1-5 e 8-9 trabállanse no propio traballo das UD relacionadas a través das diferentes actividades que desenvolven os contidos.

Os elementos transversais 6 e 7 traballaranse, de xeito especial, a través das conmemoracións do Día Internacional da Muller e da Paz, respectivamente, ambos os dous englobados no Bloque 3.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.	X		X
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....		X	
Conmemoracións da escola.	Samaín.magosto, nadal, entroido, 8-M...	X	X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Pancake day, Thanksgiving....	X	X	X

Observacións:

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

Descrición:

NOTA: Con estes exemplos de indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporalización das unidades, coordinación entre o profesorado, pero, naturalmente, cada mestra/e debe establecer os indicadores de logro que lle permitan avaliar o seu propio proceso de ensino e práctica docente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as

competencias.

Así pois, tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

-Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.

-No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.

-Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.

-Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Actividades complementarias (realizadas ou non).

Os resultados desta avaliación da programación recolleranse na memoria final de curso, onde se establecerán tamén as modificacións que se deberán levar a cabo de cara á programación do seguinte curso escolar.

9. Outros apartados